

# QUE A FESTA CONTINÚE 1346

Robert Guédiguian, 2023

ESTREA EN NUMAX: 26.07.2024 | V.O.S.E. | +7 | 106 min

En Marsella, Rosa, de 60 anos, dedicou toda a súa vida á súa familia e á política co mesmo sentido de sacrificio. Todo o mundo pensa que é inquebrantable, sobre todo porque Rosa é a única que podería selar a unión da esquerda en vésperas dunha data límite electoral decisiva. Ao final, apáñase ben con todo até o día que namora de Henri. Por vez primeira, Rosa ten medo de comprometerse.

«Intelixente e sensible: unha historia de amor e resiliencia»

Benoît Basirico, BANDE A PART



## Entrevista con Robert Guédiguian: «No meu cinema busco darlle ao pobo o valor que moitas veces ignora»

Por Anna Enguix

**Os teus obxectivos á hora de rodar son os mesmos ca antes?** Na miña primeira película buscaba darlle valor e grandeza á xente coa que vivía. Por iso filmei sempre coa xente que coñezo e na cidade na que nacín. Sempre quixen darlle ao pobo o valor que moitas veces ignora ou non cre merecer, e creo que dunha maneira ou outra, isto non cambiou.

**Ti que viches a evolución da industria cinematográfica desde dentro, gustaríame preguntarche que opinas respecto das plataformas streaming e o impacto destas sobre o futuro cinema xa que están moi enfocadas á cultura do entretemento e só queren producir películas rápidas, dirixidas á pantalla pequena.** Honestamente, penso que podería ocorrer como co teatro ou a ópera, a pesar de que cada vez quedan menos, o cinema non desaparecerá. É máis, atreveríame a dicir que os cinemas que sobrevivan terán un carácter moi diferente. En Francia hai agora mesmo 6000 pantallas; se en 10 anos só quedan 1000 pantallas, estou seguro de que estas proxectarán boas películas. O cinema non morrerá, reconverterase, e estou seguro de que as 5000 películas "lixo" que antes se proxectaban no cinema, acabarán neste tipo de plataformas .

**Respecto ao papel do cinema na sociedade, tal e como relatas nalgunhas das túas películas, a clase obreira atópase cada vez máis diversificada, non temos os mesmos horarios, nin o mesmo uniforme e isto levou a que se perda esta conciencia de clase.** Se che son sincero, non creo que houbese unha Idade de Ouro das revolucións nin no pasado, nin no presente. Non creo que antes as cousas se fixesen moito mellor. De feito, no mundo da cultura téndese moito a enxalzar as protestas estudiantís de Maio do 68 e persoalmente non creo que antes a xente tivese moita "máis" conciencia política que agora. Atópoo un pouco fantasmagórico e cargado de nostalgia. Non "todos" os estudantes estaban na rúa, de feito, a xente consciente e militante foi moi pouca ao longo da historia porque a gran maioría de persoas xa teñen de abondo con tentar chegar a fin de mes e sobrevivir. Aspecto que tento tamén reflectir nas miñas películas. Ademais, gustaríame engadir que a clase obreira tal e como a coñeciamos si que segue existindo, pero noutros países en vías de desenvolvemento acuñados como do terceiro mundo. En Occidente, as formas de explotación son menos perceptibles, tradúcense en suicidios, depresións... A xente está máis atomizada e entender este contexto social é de suma importancia, e sobre todo, debemos entender que estas novas formas de produción non son azarosas, hai xente que teorizou sobre estes modelos, atópoo case maquiavélico.

**Entón, relacionado con isto, afirmaches nunha entrevista que por tanto o capitalismo gañara. Gañou definitivamente?** O modelo predominante e hexemónico é o capitalista, con todo, non creo que sexa algo definitivo, non creo en nada definitivo, a historia demostrouno innumerables veces. A realidade social é cambiante e sen caer en clixés si que considero que podería cambiar.

**Tamén me chamaba a atención como nas túas películas se repite un patrón no que a partir de microhistorias retratas un contexto sociopolítico global.** O cinema é moi concreto, é por isto que a orde global debe encarnarse en algo que nos resulte familiar. É case a regra do cinema, de feito, se non queremos pasar por estas microhistorias, se queremos contar as historias globais, deben encarnarse en alguén. É o modelo do cinema, da literatura, do teatro. Se renunciámos a isto, excedemos unha fronteira un tanto perigosa no que acabamos convertendo a nosa obra nun corpúsculo teórico de carácter ensaístico.